



CONCELLO DE REDONDELA

## ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA,

**Sesión Ordinaria, celebrada o xoves 19 de novembro de 2020**

### ORDE DO DÍA

### **ACCESIBILIDADE UNIVERSAL E DEREITOS DA INFANCIA**

*Accesibilidade universal é a característica que deben cumprir as contornas, bens, produtos e servizos, que permite a todas as persoas o seu acceso, comprensión, utilización e goce de maneira normalizada, cómoda, segura e eficiente. Resulta un concepto absolutamente contraposto ao de barreiras.*

*O incumprimento do principio de accesibilidade universal e da obrigaón de realizar axustes razoables son considerados por lei como supostos de violación do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade.*

*Unha boa accesibilidade é aquela que existe, pero que pasa desapercibida para a gran maioría de usuarios/as, excepto para aqueles con problemas de mobilidade ou con limitacións sensoriais, visuais ou auditivas, que saben recoñecer cando se atopan nunha contorna accesible. Esta clase de accesibilidade conséguese cando as barreiras resólvense, ben mediante o deseño desde a orixe, ben, se non é así, mediante axudas técnicas ou adaptacións.*

*A accesibilidade universal atingue non só aos entornos físicos e arquitectónicos, senón tamén a espazos virtuais ou doutra índole.*

A accesibilidade universal afecta a dereitos da infancia, recollidos na Convención dos Dereitos dos nenos e das nenas, asinada pola Nacións Unidas: como é o de non discriminación (art.2), o da vida, supervivencia e desenvolvemento (art.6), pero tamén pode afectar á liberdade de asociación (art.15) ou ao acceso á información (art.17), ou á educación (art.28), ou ao xogo (art.31) e está en consonancia co art.23, sobre á protección especial que merecen os nenos e nenas con discapacidade.

O xoves 19 de novembro de 2020, celebrouse a reunión do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia de Redondela de xeito telemático, debido ás normas de prevención e protección fronte ao covid-19.

Presidiu o acto a alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e asistiron os seguintes vogais:

#### VOGAIS INFANTÍS:

- Carla Montes Vidal e Bruno León Domínguez, polo CEIP Alexandre Bóveda

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6YWKZ4ZPA9MLNQY5X7AX3Y7T | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

- Sofía Domínguez González e Sabela Fernández López, polo CEIP Igrexa
- Paula Semenic Simón e Lara Urdiales Ballesteros, polo CEIP de Laredo
- Raúl Sánchez Piñeiro e Teresa Montesinos Calvar, polo CEIP Porto Cabeiro
- Lúa Crespo Almeida, polo IES Illa de San Simón
- Alba Pérez Lago, polo IES Pedro Florianí

Ainda que forman parte deste Consello, nesta sesión, por dificultades de última hora quedan sen participar os representantes do Colexio Vigo, do CEP Santa Mariña, do IES Chapela e mais do IES Mendiño.

#### VOGAIS ADULTOS:

- Lourdes Castaño Fernández, en representación das ANPAS
- Olga M.<sup>a</sup> García Ballesteros, en representación do PSOE
- Daniel Boullosa Martínez, en representación de AER

Por dificultades para a conexión, queda sen poder participar Xoán Carlos González Campo.

Asiste tamén Gloria del Río, vicepresidenta de Unicef Comité Galicia, en representación de UNICEF.

Asiste M.<sup>a</sup> José Villar Fernández, como secretaria do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia.

Despois dunha lenta posta en marcha da sesión por dificultades técnicas de última hora, sendo as once e corenta e cinco minutos da comezo a sesión coa presentación por parte da alcaldesa, que dá a benvida aos participantes e lles explica como será o funcionamento. A continuación dá paso ás exposicións dos voceiros:

#### **A) CEIP Alexandre Boveda:**

Os representantes dan as grazas ao concello por mellorar a accesibilidade:

- Durante o confinamento, o esforzo e medios por parte da concelleira de Ensino para facilitar a nenos e nenas poder estudar e facer as tarefas na casa, co que se garante o dereito ao acceso e á educación pública e gratuíta.
- Por poñer un paso de peóns para a accesibilidade ao colexio.

- Manifestan en cambio necesidades de mellora: a Rúa Alexandre Bóveda, onde está o centro soporta moito tráfico nos momentos de entrada e saída do colexio, co conseguinte perigo para os nenos e nenas. Propoñen limitar o acceso do tráfico en dúas direccións nesta rúa durante os horarios de entrada e





CONCELLO DE REDONDELA

saída do colexio, permitindo só a baixada.

- Reclaman máis vixilancia para que os coches non aparquen na parada do autobús, xa que a pesar de que está sinalizada, é constantemente invadida por vehículos privados que aparcan sobre ela. Coidar isto favorecerá de xeito máis especial a aqueles rapaces e rapazas con dificultades de mobilidade.

## **B) CEIP Igrexa:**

As representantes sinalan os puntos fortes na accesibilidade no Concello de Redondela. Estes son:

- Colocación de pictogramas nos edificios públicos.
- Autobuses accesibles.
- Rampas para entrar nos establecementos.

Os puntos febles:

- Camiños secundarios en mal estado.
- Non sempre hai pasos de cebra para o acceso aos colexios.
- Aceras con pouca capacidade.

Melloras propostas:

- Espazos para cadeiras de rodas en cinemas e teatros.
- Pictogramas en todos os establecementos públicos.
- Aumentar as prazas de aparcamento.
- Melloras para os parques, como tirolinas para cadeiras de rodas, e outros elementos accesibles.

Para o acceso ao novo colexio Igrexa: acera ampla para favorecer o acceso e a seguridade dos escolares.

Por último fannos chegar esta reflexión: “non hai persoas con discapacidade, e sí contornas discapacitantes”.

## **C) CEIP de Laredo:**

As súas voceiras presentan unha proposta para mellorar a accesibilidade na contorna de Chapela, tendo en conta que nesta parroquia dase o caso de lugares específicos que claramente non son accesibles. Entre eles:

- O paseo de Cardona, que está cheo de fochancas
- As escaleiras no Camiño da Baliza
- A costa pronunciada e con fochas do Camiño da Formiga, preto do IES de Chapela
- As fochas e escaleiras do Camiño do Folón
- Escaleiras na Rúa Manuel Rodríguez Casal
- Randeiras adaptadas insuficientes ou inexistentes nos parques da zona.





CONCELLO DE REDONDELA

Polo que propoñen:

- Supresión de barreiras e obstáculos nas rúas e beirarrúas
- Instalación de elevadores para salvar escaleiras ou costas moi pronunciadas.
- Instalación de mobiliario accesible en todos os espazos públicos.
- Instalación de randeiras accesibles en todos os parques.

#### **D) CEIP Porto Cabeiro:**

Os representantes expoñen a necesidade de mellorar as calzadas e beirarrúas entorno á escola:

- As beirarrúas son demasiado estreitas, polo que hai que pegarse á parede cando pasan os vehículos, que ademáis o fan a moita velocidade.
- A calzada está en mal estado en ten fochancas e buracos.
- As zonas para os peóns non están sinalizadas.
- Hai curvas perigosas que requiren sinalización, e zonas que precisan de bolardos.

Solicitan ademáis:

- A existencia dun carril bici, e a mellora nos espazos de ocio e parques da contorna.
- No propio colexio: situar na entrada do centro un plano coa sinalización dos accesos, para facilitar a circulación de persoas con mobilidade reducida, xa que o centro é perfectamente accesible.

#### **E) IES Illa de San Simón:**

A proposta deste centro baséase nun estudo de campo realizado o curso pasado polo alumnado que agora está en 3º da ESO, xa que estes fixeron unha ruta en cadeira de rodas por Redondela para avaliar a accesibilidade das súas rúas e espazos públicos.

- Moitos dos edificios de Redondela non están adaptados con rampa para facilitar a entrada en cadeira de rodas ou con carros de bebé.
- No propio IES Illa de San Simón os raís do portón imposibilitan a entrada a persoas con mobilidade reducida.
- A acera que vai dende o *skatepark* ata o centro de saúde é moi estreita e perigosa para os viandantes.
- Na zona antiga moitas das rúas rematan en escaleiras.
- O acceso ao tren non está asfaltado e hai escalóns.
- No Paseo da Portela algunhas das táboas están desgastadas ou rotas e esvárase coa choiva.
- Na zona da Picota a beirarrúa é estreita e non está asfaltada.

#### **F) IES Pedro Floriani:**

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6YWKZK4ZPA9MLNQY5X7AX377T | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

O IES Pedro Floriani agradece a convocatoria deste pleno e que se lles dea a oportunidade de participar, pois consideran que ter en conta a opinión de rapaces e rapazas, sen que ninguén fale por eles, non é o máis habitual.

Valoran positivamente o esforzo que está a facer o Concello de Redondela en mellorar a accesibilidade, e aprecian que no que máis se está a actuar é na mobilidade: eliminación de barreiras, colocación de rampas en edificios, ascensores, beirarrúas baixadas nos pasos de peóns, etc.

Pero, pola contra, observan que este esforzo non se fai igual no rural, onde ás veces é difícil pasar polas beirarrúas ou arcéns, que invadidas de maleza, non deixan paso.

Sinalan a necesidade de mellorar as pistas deportivas, sobre todo no tocante á de *skate*, e áreas recreativas, que carecen de elementos adaptados para persoas con algún tipo de discapacidade. Tamén fan unha chamada de atención para que os parques do rural non queden desatendidos.

No tocante aos medios de transporte público, sinalan que deben estar todos adaptados.

Pero ademáis da mobilidade, a accesibilidade universal toca outros aspectos:

- Atender as necesidades das persoas con discapacidade visual con elementos como semáforos sonoros e elementos no chan que indiquen a estas persoas cando poden atravesar a rúa de forma segura. Así como a importancia de que as bibliotecas se podan dotar de exemplares de lectura en braille ou audiolibros.

- Atender as necesidades de persoas con perda auditiva, facilitándolles mediante información visual calquera sinal acústico ou sonoro: un anuncio por megafonía se pode tamén facer de xeito visual ou o son dunha alarma pode ir acompañado de luces.

Por último, queren facer fincapé na dificultade para a conexión a Internet no rural, que quedou patente durante o confinamento. Demandan unha aposta forte para que a fibra óptica chegue a todos os lugares.

Ao rematar as súas exposicións, a alcaldesa, en primeiro lugar, foi respondendo a cada unha delas:

#### **a) Resposta ao CEIP Alexandre Bóveda:**

A dirección única da rúa durante o horario de entrada e saída da escola parécelle unha boa idea. Comenta que algo así xa se puxo en marcha en Reboreda, con bo resultado.

Neste caso, a alcaldesa comprométese a solicitar un informe da Policía local coa valoración de se isto se pode facer na rúa Alexandre Bóveda.





Ao tempo, co que respecta ao uso da parada do autobús como aparcamento, valora solicitar máis vixilancia á Policía.

#### **b) Resposta ao CEIP Igrexa:**

O dos pictogramas en todos os establecementos é un compromiso deste goberno.

Está de acordo tamén nas melloras para a accesibilidade ao seu colexio.

Estase traballando para que os parques novos teñan elementos adaptados a persoas con discapacidade, tamén no rural. A alcaldesa adianta que neste momento estase a traballar para que o *skatepark* de Redondela dispoña de elementos adaptados a persoas con discapacidade para a práctica de *calistenia*, e que está previsto que estean dispoñibles a principios de 2021. Isto mesmo está previsto que se leve a Chapela posteriormente, na Senda Verde.

No que toca ás aceras accesibles, a rexidora explica que xa por lei as aceras novas teñen que ter un mínimo de metros que as fagan accesibles. Se ben as empresas tratan de axustarse a ese mínimo, que sae máis barato, o certo é que a obriga do equipo de goberno está en ser esixentes para non quedar nese mínimo e ir máis aló.

Para esto último adianta que o Concello está pendente de asinar un convenio con COGAMI para recibir o seu asesoramento técnico que garanta a accesibilidade en obras públicas, nas edificacións municipais, etc.

#### **c) Resposta ao CEIP Laredo:**

Sinala o seu acordo en xeral co que eles indican. O que ten relación cos parques infantís xa o comentou anteriormente, e no que respecta aos camiños e rúas indicadas, que non son accesibles, informa que está prevista a súa mellora e humanización.

#### **d) Resposta ao CEIP Porto-Cabeiro:**

Amósase interesada na idea de un plano na entrada do edificio do colexio para sinalizar os seus accesos. Propón falar coa dirección do centro para levar esto a cabo.

#### **e) Resposta ao IES Illa de San Simón:**

Admite a necesidade de mellorar a accesibilidade da Avenida de Mendiño,





CONCELLO DE REDONDELA

tanto por ser o camiño onde moitos dos rapaces e rapazas van ao colexio ou instituto como por ser a ruta de acceso ao centro de saúde. Infórmales que a competencia sobre esa rúa é da Xunta de Galicia, mais que o Concello está a facer esforzos por trasladar esta urxencia a esta administración e axilizar a mellora desa rúa o antes posible.

Comprométese a mandar revisar o paseo da Portela, e a ter en conta a Picota, como un lugar próximo a humanizar.

#### **f) Resposta ao IES Pedro Floriani:**

No que toca ás melloras na accesibilidade do rural, aínda que competen a Fomento ou á Deputación, a alcaldesa admite a necesidade de que o Concello traballe para trasladar a necesidade da súa mellora, así como tamén en convencer ou facer partícipes aos veciños e veciñas que ás veces se amosan reticentes.

No que toca aos parques, que é algo sinalado por case todos os centros, comprométese en insistir ao concelleiro de Parques e Xardíns, para ter en conta as propostas que se están a facer neste Consello.

O mesmo no que toca aos autobuses, aínda que sexan empresas privadas, para facerllo chegar a ditas empresas.

Sinala que o Concello está a traballar para poder levar a cabo un proxecto, a través dun fondo europeo, no que se facilite a mobilidade no rural a través de taxis para achegarse aos centros de saúde. Sobre este último quedan aínda algunhas trabas por resolver para que poda saír adiante.

No que toca ao tema sensorial dos pasos de peóns recoñece que Redondela suspende dese tipo de sinalización, e afirma que se vai traballar en melloralo.

Por último, no que toca á deficiencia de Internet e a carencia de fibra óptica, o Concello está exercendo como mediador fronte as empresas privadas que proporcionan Internet, para que esa fibra óptica chegue tamén ás parroquias.

A alcaldesa pregunta aos vogais se quedou algo máis pendente, e a representante do IES Illa de San Simón recórdalle o tema do portón de entrada do centro, que impide o paso das persoas con mobilidade reducida. A rexedora respóstalle que aínda que este tema non é competencia do Concello, comprométese a trasladarllo ao Director Xeral de Educación, da Xunta de Galicia.

A continuación a alcaldesa dalles paso á concelleira de Ensino, Olga García, e ao concelleiro de Cultura, Daniel Boulosa.





CONCELLO DE REDONDELA

Olga García amósase dacordo co que se comentou. A concelleira aproveita para darlles as grazas a nenos e nenas polo seu comportamento exemplar nunha situación tan complicada como o cumprimento de normas fronte ao Covid-19, e agradécelles o traballo feito nestes días para participar neste consello.

O concelleiro Daniel Boulosa felicítalles por o ben que entenderon a accesibilidade universal, abranguendo máis aló da mobilidade física, e tamén universal no sentido espacial, xa que as demandas non se limitaron ao centro da vila, senón que se falou moito das parroquias. Felicita tamén a rapaces e a rapazas polo seu comportamento exemplar.

A alcaldesa da paso tamén a Lourdes Castaño, representante das Anpas. Ela recolle as demandas dos nenos e nenas, por seren tamén as dos pais e nais e das familias (atender o rural, melloras nos parques...) pero sobre todo pon o punto no agradecemento ao Concello por dotar na súa axenda dun espazo para nenos, nenas e adolescentes, para que sexan eles os que se podan expresar directamente, e para que se lles dote de voz.

Antes de dar paso a Gloria del Río, representante de Unicef, a rexidora agradece a rapaces e rapazas o seu comportamento exemplar na situación do Covid, e traslada aos nenos e nenas presentes a súa preocupación porque eles valoren este Consello como algo a tomar en serio polo goberno local, e o seu compromiso para poñer en marcha aqueles temas que foron saíndo neste pleno, “porque se non, non tería sentido [celebrar estes Consellos]”. Agradece tamén aos profesores e anos nenos e nenas polo traballo realizado.

Gloria del Río, representante de Unicef pecha este acto para felicitar aos nenos e nenas polo excelente traballo feito, e insta ás autoridades a recoller estas peticións e propostas e a esforzarse para poñelas en marcha.

Como representante de Unicef achéganos a situación da Infancia, que máis aló do comentado no que respecta a Redondela, é moi difícil en outros moitos lugares, onde non hai conexión a Internet ou non hai medios tecnolóxicos.

Amósase de acordo na necesidade de abrir a accesibilidade a todas as persoas. Achéganos o traballo que está a facer Unicef nesta accesibilidade, e entre outras cousas, en achegar vacinas a aqueles lugares onde os gobernos non poden custealas. Unicef ten o mandato universal de achegar esas vacinas a todos, e insta a todos os presentes a aportar o seu gran de area neste último.

Por último felicita ao Concello de Redondela polo traballo exemplar realizado coa infancia, para darlles voz.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás doce e corenta e tres minutos a alcaldesa da por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta da que, como secretaria, dou fe.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6YWKZK4ZPA9MLNQY5X7AX3V7T | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9





A gravación completa deste Consello pode verse no seguinte enlace:  
<https://www.facebook.com/redondelaconcello/videos/132909711605489>

